

A innovación tecnolóxica

baixo o filtro do xénero

1 e 2 de Outubro de 2013 Salón de Graos, Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Campus de Elviña

O diagnóstico sobre a igualdade de xénero na Universidade da Coruña pon de manifesto unha significativa infrarepresentación feminina nas titulacións do ámbito tecnolóxico. Situación esta de especial transcendencia para a nosa universidade dado o seu carácter fortemente técnico.

A escaseza de mulleres con perfil tecnolóxico pode levar á súa exclusión de postos de responsabilidade en empresas e institucións, perpetuando as pautas de segregación vertical ao tempo que supón unha dramática perda de capital humano en sectores clave da economía.

En estas xornadas analizaremos entre outras cousas por qué as mulleres seguen sendo minoría no mundo da tecnoloxía ou porqué as enxeñarías, sendo titulacións con boas oportunidades profesionais e salariais, son pouco atractivas para elas. Todo isto co obxectivo último de deseñar estratexias que faciliten a ruptura de estereotipos e incrementar deste xeito a súa presenza nos estudos de carácter tecnolóxico.

Coordinación:

- Ana Sánchez Bello, Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da UDC.
- Ana Jesús López Díaz, Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC.

Programa:

Día 1 de outubro

15:45-16:00h. Recollida da documentación

16:00-16:30h. Inauguración das xornadas

- *Araceli Torres Miño.* Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- *Susana López Abella.* Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

16:30-17:30h. Conferencia

"Mulleres que innovan, programan, prosumen, teclean"

- *Remedios Zafra.* Universidade de Sevilla

17:30-17:50h. Pausa café

17:50-18:50h. Mesa redonda

"A informática como unha opción profesional para as mulleres"

Moderadora: María de los Angeles Saavedra Places. Universidade da Coruña

- *Neves Rodríguez Brisaboa.* Universidade da Coruña
- *Luz Castro Pena.* Imaxin software
- *Isabel Pillado Quintáns.* Axencia para a Inovación Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Día 2 de outubro

16:00-17:00h. Conferencia

"As mulleres nos estudos de enxeñaría: Rompendo estereotipos"

- *María Villarroya Gaudó.* Universidade de Zaragoza

17:00-17:20h. Pausa café

17:20-18:20h. Mesa redonda

"Muller e enxeñaría: Unha realidade"

Moderadora: Margarita Martínez Díaz. Universidade da Coruña

- *Edita de Lorenzo.* Universidade de Vigo
- *María Soledad Somoza Botana.* Gestión de Innovación, Gefico
- *Paula Uría Traba.* Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

18:20h. Entrega de diplomas e clausura da xornada

MATRÍCULA GRATUITA

Prazo: do 24 ao 30 de setembro

Entregarase diploma de asistencia